

ANEXO I
SOLICITUDE PARA O APOIO ÁS ACTIVIDADES DE DEMOSTRACIÓN E INFORMACIÓN QUE SE VAN DESENVOLVER NA ANUALIDADE 2019

Nº DE PROTOCOLO¹	
------------------------------------	--

1.- TÍTULO DA ACTIVIDADE
XORNADAS SOBRE MICOLOXÍA DE GALICIA. APROVEITAMENTO PARA USOS AGRONÓMICOS, AMBIENTAIS, FORESTAIS E GASTRONÓMICOS

2.- TIPO DE ACTIVIDADE²
XORNADAS TÉCNICAS

3.- UNIDADE ORGANIZADORA DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL		
Unidade: CENTRO DE INVESTIGACIÓNS AGRARIAS DE MABEGONDO		
Enderezo: : ESTRADA AC-547 DE BETANZOS A MESÓN DO BENTO, KM 7		
C. Postal: 15318	Concello: ABEGONDO	Provincia: A CORUÑA
Nome e apelidos do/a responsable da unidade organizadora: MANUEL LÓPEZ LUACES		
Cargo: DIRECTOR DO CIAM	Tfno.: 881 881 801	Correo_e: manuel.lopez.luaces@xunta.es

4.- UNIDADES PARTICIPANTES DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL		
Unidade: CFEA GUISAMO		
Enderezo: LUGAR DE BOS, 14-ESTRADA N-VI KM 581 GUÍSAMO		
C. Postal: 15640	Concello: BERGONDO	Provincia: A CORUÑA
Nome e apelidos do/a responsable da unidade: LOIS ARENAS BARREIRO		
Cargo: DIRECTOR CFEA GUISAMO	Tfno.: 881 881 043	Correo_e: xose.lois.arenas.barreiro@xunta.es

5.- UNIDADES OU ENTIDADES PARTICIPANTES (que non sexan da Consellería do Medio Rural)		
Unidade ou entidade:		
Enderezo:		
C. Postal:	Concello:	Provincia:
Nome e apelidos do/a responsable da unidade ou entidade:		
Cargo:	Tfno.:	Correo_e:

6.- CENTRO DE INVESTIGACIÓN OU CENTRO TECNOLÓXICO³		
Centro: CENTRO DE INVESTIGACIÓNS AGRARIAS DE MABEGONDO		
Enderezo: ESTRADA AC-547 DE BETANZOS A MESÓN DO BENTO, KM 7		
C. Postal: 15318	Concello: ABEGONDO	Provincia: A CORUÑA
Nome e apelidos do/a responsable da entidade: MANUEL LÓPEZ LUACES		
Cargo: DIRECTOR CIAM	Tfno.: 881 881 801	Correo_e: manuel.lopez.luaces@xunta.es

¹ A encher polo Departamento de Investigación e Transferencia da Agacal.

² Xornadas técnicas, xornadas de portas abertas, congresos, conferencias, seminarios, talleres de prácticas, viaxes, material divulgativo, campos de ensaio, campos de demostración.

³ Só no caso dos campos de ensaio, nos que é imprescindible asesor científico.

7.- ANTECEDENTES E XUSTIFICACIÓN

INTRODUCCIÓN

Actualmente están catalogadas máis de 43.000 especies de fungos na Terra, o ritmo de descubrimento de novas especies nos cinco reinos de seres vivos inspirou un estudo cuxo cálculo estimou que, no caso dos fungos (*Regnum Fungi*), o número de especies existentes con respecto ás coñecidas posiblemente é de máis de 600.000, co cal esta estimación apunta a que só coñecemos un 7% a nivel global da nosa riqueza micolóxica (May, 2011). Os fungos catalóganse dentro do reino *Fungi*, e como tal reino heteroxéneo, os fungos foron durante séculos, apreciados e temidos dado o seu potencial gastronómico, medicinal e industrial dalgunhas especies, e da súa toxicidade ou capacidade de infección e transmisión de enfermidades doutras especies, tanto para animais como vexetais. Hoxe en día a Comunidade Científica recoñece que os fungos son un compoñente fundamental de calquera ecosistema, cultivo, industria e sociedade, por tanto o seu coñecemento e utilización pode proporcionar innumerables beneficios para o desenvolvemento sustentable de cultivos, economía, preservación da biodiversidade e paliación de cambio climático.

UTILIZACIÓN AGRÍCOLA E FORESTAL

En produción agrícola e forestal, a utilización selectiva de fungos podería supoñer unha alternativa natural e ecolóxica na procura de solucións para a mellora e calidade dos solos, para o fortalecemento dos cultivos, así como para o control efectivo da elaboración de produtos primarios e/ou secundarios en agricultura ou alimentación. Tamén poden proporcionar posibles solucións naturais máis harmónicas co medio ambiente e contribuír á mitigación do cambio climático por posiblemente comportar a unha menor utilización de produtos fitosanitarios, para control de patóxenos, para uso eficiente dos solos e para o aproveitamento tanto micolóxico (cogomelos) como de cultivos agrícolas ou forestais (sementes, forraxes, froitos e madeira).

Existen numerosas especies de fungos que son utilizados en agricultura e para outros usos (medicinais, industriais, científicos, etc.). Na natureza podémolos atopar en todos os medios e biomas. En calquera caso a presenza de fungos no solo proporciona en xeral un beneficio para a rizosfera, permitindo establecer pontes físicas de comunicación entre fungo e planta (coñecidos como micorrizas) que se traduce nun efecto sinérxico para ambos compoñentes da asociación ou simbiose.

En definitiva, o coñecemento primario das especies de fungos útiles para aproveitamento antrópico é necesario para promover o seu potencial, a súa conservación e o seu uso sustentábel, porque é un reino bastante descoñecido en xeral por moitos aficionados á micoloxía, recolleitores, beneficiarios e consumidores.

NORMATIVA SOBRE RECOLECCIÓN E USO

En canto a aproveitamento micolóxico en gran parte dos terreos forestais de España, non existía outra regulación que a básica correspondente ao Código Civil e á Lei 43/2003, que foi modificada pola Lei 21/2015, do 20 de xullo. En Galicia, existe unha normativa específica publicada no Decreto 50/2014, do 10 de abril, pola que se regularizan os aproveitamentos madeireiros e leñosos, de alcornoque, de pastos e micolóxicos en montes ou terreos forestais de xestión privada ou pública. Tamén afecta o contido, organización e funcionamento do Rexistro de Empresas pertencentes ao Sector Forestal. En Galicia, en comparación coas normas anteriores, este Decreto introduce un elemento diferencial que inclúe expresamente unha regulación da recolección micolóxica como un aproveitamento forestal. Esta nova visión afecta a diferentes aspectos como ás condicións nas que se pode desenvolver a recolección, así como ao que se consideran actualmente prácticas prohibidas. Devandito Decreto tamén clasifica os diferentes tipos de aproveitamentos micolóxicos, distinguindo o orientado ao consumo propio, o uso comercial e ao destinado a fins científicos ou didácticos. O referido Decreto, no seu artigo 44.2 recoñece que os aproveitamentos para consumo propio e os aproveitamentos con fins científicos ou didácticos son libres, agás que a

persoa titular do terreo regule o acoutamento do seu aproveitamento no instrumento de ordenación ou xestión forestal ou comunique o acoutado do devandito aproveitamento, a condición de que estea debidamente sinalizado. Moitos colleitores afeccionados descoñecen estas novas regulacións e a forma de colleitar cogomelos de forma correcta e respectuosa co medio ambiente.

Nestas xornadas técnicas se propoñen actividades formativas e demostrativas, divididas en dous bloques durante dous días consecutivos (en data a determinar no mes de outubro) durante un venres e un sábado respectivamente.

REFERENCIAS

BOE núm. 173, de 21 de julio de 2015, pp. 60234 a 60272 (39 pp.)
https://www.boe.es/diario_boe/txt.php?id=BOE-A-2015-8146

BOE núm. 280, de 22 de noviembre de 2003, pp. 41422 a 41442 (21 pp.)
<https://www.boe.es/boe/dias/2003/11/22/>

Marcote, J.M.C.; Pose, M; Traba, J.M. 2012. Setas de Galicia y del Noroeste Peninsular. Edicións do Cumio S.A. 616 pp. Pontevedra (España).

Marcote, J.M.C.; Traba, J.M.; Pose, M. 2011. 500 setas del litoral atlántico y noroeste peninsular. Edicións do Cumio S.A. 560 pp. Pontevedra (España).

May, R.M. (2011). About How Many Species and Their Loss. PLoS Biol 9(8): e1001130.
<https://doi.org/10.1371/journal.pbio.1001130>.

Xunta de Galicia. Consellería del Medio Rural y del Mar. DECRETO 50/2014, de 10 de abril, por el que se regulan los aprovechamientos madereros y leñosos, de corcho, de pastos y micológicos en montes o terrenos forestales de gestión privada en la Comunidad Autónoma de Galicia y el contenido, organización y funcionamiento del Registro de Empresas del Sector Forestal.
https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2014/20140507/AnuncioG0165-250414-0004_es.html

8.- OBXECTIVOS

1. Organizar unha xornada técnica de charlas informativas e prácticas sobre micoloxía de Galicia, aproveitamento para usos agronómicos, ambientais, forestais e gastronómicos co obxecto de transmitir ás persoas e sectores interesados a importancia dos fungos na agricultura, ecosistemas, economía e saúde. A xornada técnica se divide en dous sesións:
 - Sesión informativa incluíndo tamén unha demostración do valor gastronómico (5-6 horas incluído descanso),
 - Sesión de excursión práctica para demostración en campo (11 horas estimadas).



9.- METODOLOXÍA EMPREGADA NO DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

9.1.- Localización

A xornada informativa terá lugar no salón de actos do CIAM (Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo) o cal consta de infraestrutura y aforo suficiente, situado en Ctra. Betanzos-Mesón do Bento, km 7, Abegondo (A Coruña).

A xornada demostrativa e de visita ao campo terá lugar na Serra Gañidoira, na provincia de Lugo, desprazándose en transporte colectivo.



9.2.- Planificación da actividade (se é o caso, programa). No caso de campos de demostración ou dos campos de ensaio descrición de todas as fases. (xuntar croquis e deseño das parcelas)

1. Xornada formativa: charlas impartidas por expertos seleccionados en colaboración coa Asociación Micolóxica ANDOA de Cambre, a celebrar no CIAM (5-6 horas) en data a proñoer un venres de outubro de 2019.

Programa da xornada formativa:

- **9:00.** Admisión de participantes e presentación das xornadas.
- **9:30. Faladoiro 1:** *Introdución ao mundo dos cogomelos.*
- **10:30. Faladoiro 2:** *A importancia dos fungos na produción agrícola e forestal. Cogomelos mais comúns en Galicia: especies comestibles e tóxicas.*

11:30. Pausa/café

- **12:00. Faladoiro 3:** *Código de boas prácticas de recolección. Normativa y legislación vixente sobre recolección e utilización de fungos.*
- **13:00. Faladoiro 4:** *Valor gastronómico e receitas culinarias.*

14:00. Fin da sesión

2. Xornada práctica: Saída ao campo para recoñecemento, recolección e posta en práctica dos coñecementos adquiridos nas charlas informativas.

O día seguinte ás charlas (sábado), terá lugar unha saída á Serra Gañidoira.

Serra Gañidoira é un lugar especial debido a súa singularidade. Forma parte da Serra do Xistral que a súa vez forma parte do Macizo Setentrional. Ten a peculiaridade que é unha das zonas de España que menos sol recibe, o cal é un condicionante a ter en conta no crecemento de todos os seres vivos que a habitan. O Xistral procede de Xistra (golpe de vento húmido e xélido), vento que aquí barre constantemente as cimbres. Tamén é o reino da néboa procedente do mar, a cal, deixa abundante chuvia e humidade. Con unha altitude de uns 700 m e a influencia do mar, as temperaturas son suaves. Ístas condicións crean un microclima especial que favorece o crecemento de moitas especies micolóxicas e de posuír unha gran biodiversidade. As turbeiras de cobertor que existen neste lugar son ecosistemas hídricos reducidos localizados en moi poucos lugares. As cales forman parte das pezas chave na estratexia de loita contra o cambio climático.

Está catalogada como unha zona Zec (Zona de Especial Conservación), Rede Natura 2000, Lugar de Importancia Comunitaria (LIC), Zepa (Zona de Especial Protección para as Aves) e no 2002 foi incluída na zona da Reserva da Biosfera Terras do Miño.

Programa da xornada práctica:

08.30h Saída dende o Concello de Cambre en transporte colectivo concertado.

09:15h Parada para tomar un Café en As Neves.

10:00h Chegada a Serra Gañidoira.

14:00h Regreso ao autobús.

14:30h Identificación das especies e mostras.

15:30h Xantar en Casa Cándida en Viveiro, Lugo (a comida é por conta propia dos asistentes). Degustación de cogomelos.

17:30h Regreso ao punto de partida.

19:30h Hora aproximada da chegada ao Concello de Cambre.



- A saída terá lugar o **sábado seguinte a xornada formativa**, saíndo da praza do Concello de Cambre (A Coruña) ás **08:30**.
- Para confirmación da reserva se enviará unha mensaxe por vía mail ao correo da Asociación ANDOA (info@andoacambre.com) indicando os seguintes conceptos: **Sáida Serra Gañidoira + nome e apelidos**.
- O número máximo admitido é de 50 persoas.
- Os asistentes deberán levar calzado adecuado para camiñar por terreo húmido e con pendente ou levar calzado de reposto, cesta, navalla ou coitelo. Esta serra se caracteriza por ter ventos persistentes polo que se aconsella que as prendas de roupa estean deseñadas para combater o vento e chuvia.
- Os asistentes deben lembrar que en todas as saídas é de aplicación as normativas e decretos descritos na xornada formativa anterior.

9.3.- Persoal encargado do desenvolvemento da actividade

Persoal experto en micoloxía seleccionado polo CIAM e a Asociación Micolóxica ANDOA.
Persoal de apoio do CIAM para o correcto desenvolvemento das dúas sesións.

9.4.- Persoas ou entidades a quen vai dirixido

Agricultores, técnicos e empresas do sector, afeccionados á micoloxía.

10.- PLAN E MEDIOS DE DIVULGACIÓN PREVISTOS

Reunións:

Reunións de coordinación entre técnicos do CIAM e os docentes.

Visitas:

Visita programada á Serra Gañidoira

Publicacións:

Se prevé publicar na páxina web do CIAM (www.ciam.gal) un resumo das comunicacións e charlas da actividade, así como fotografías e fichas didácticas das principais especies de interese.

Artigos de prensa:

Se prevé a publicación dunha nota de prensa nos medios dispoñibles

Programas de TV e/ou Radio:



11.- DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES
11.1.- Data de realización (aproximada): Entre o 11 e 20 de outubro de 2019
11.2.- Duración da actividade: Horas teóricas: 6 horas Horas prácticas (en talleres ou explotacións de colaboradores): 11 horas
11.3.- Iniciativas de cooperación (nome dos colaboradores): - Explotacións: - - Empresas: - - Entidades asociativas:
11.4.- Lugar de desenvolvemento (marcar cun X): - Concello: Abegondo (A Coruña), Muras (Lugo). Zona desfavorecida <input type="checkbox"/> Zona de montaña X <input checked="" type="checkbox"/>